

CONCRECCIÓN CURRICULAR

CEIP MANUEL
PADÍN TRUITEIRO

CURSO:
2023/2024

DATA APROBACIÓN POLO CLAUSTRO: 10 de outubro de 2023.

TÁBOA DE CONTIDO

1. BASE LEGAL	3
2. ADECUACIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS DAS ETAPAS AO CONTEXTO DO CENTRO	3
3. CONTRIBUCIÓN Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE	6
4. CRITERIOS PARA DESENVOLVER OS PRINCIPIOS PEDAGÓXICOS E INCORPORAR OS ELEMENTOS TRANSVERSAIS.....	7
5. CRITERIOS DE CARÁCTER XERLA SOBRE A METODOLOXÍA	8
6. CRITERIOS DE CARÁCTER XERAL SOBRE OS MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS	10
7. CRITERIOS DE OFERTA EDUCATIVA, ITINERARIOS E OPTATIVIDADE DE SER O CASO	10
8. CRITERIOS PARA O DESEÑO DAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS	10
9. CRITERIOS PARA O DESEÑO DE PLANS DE REFORZO OU PERSONALIZADOS PARA O ALUMNADO QUE PROMOCIONE CON MATERIAS PENDENTES DE CURSOS ANTERIORES.....	11
10. CRITERIOS PARA O DESEÑO DOS PLANS ESPECÍFICOS DE REFORZO OU PERSONALIZADOS PARA O ALUMNADO QUE DEBA PERMANECER UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO	11
11. CRITERIOS XERAIS PARA A AVALIACIÓN, PROMOCIÓN E TITULACIÓN DE SER O CASO	12
12. CRITERIOS XERAIS DE OUTORGAMENTO DE MENCIÓNS HONORÍFICAS	16
13. DECISIÓN E CRITERIOS XERAIS PARA A ELABORACIÓN E AVALIACIÓN DAS PROGRAMACIÓN DIDÁCTICAS.....	17
14. CRITERIOS PARA A PARTICIPACIÓN DO CENTRO EN PROXECTOS, PLANS E PROGRAMAS	17
15. PROCEDEMENTO PARA A REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA CONCRECCIÓN CURRICULAR	17
16. DOCUMENTOS DA AVALIACIÓN.....	18
17. PROCEDEMENTO PARA A REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA CONCRECCIÓN CURRICULAR	18

1. BASE LEGAL

A concreción curricular é o marco que establece o claustro de mestres cos criterios e decisións para orientar o desenvolvemento do currículo por parte do profesorado e a coordinación interdisciplinar por parte dos órganos de coordinación docente para garantir a coherencia na actuación docente.

- Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación. • Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. (LOMLOE). • Orden de 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. • Orde do 2 de marzo de 2021, pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción... en EP... • Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no sistema educativo de Galicia. • Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. • DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
 - Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o decreto 229/2011, do 7 de decembro polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
 - ORDEN de 30 de mayo de 2023 por la que se desarrolla el Decreto 150/2022, de 8 de septiembre, por el que se establece la ordenación y el currículo de la educación infantil en la Comunidad Autónoma de Galicia y se regula la evaluación en esa etapa educativa.
- ORDEN de 26 de mayo de 2023 por la que se desarrolla el Decreto 155/2022, de 15 de septiembre, por el que se establecen la ordenación y el currículo de la educación primaria en la Comunidad Autónoma de Galicia y se regula la evaluación en esa etapa educativa.

2. ADECUACIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS DAS ETAPAS AO CONTEXTO DO CENTRO

Establécense as etapas de Educación Primaria e o segundo ciclo de Educación Infantil. Cada etapa e ciclo reunírase regularmente segundo o establecido no documento presente e atendendo sempre as características particulares do centro.

Todos os obxectivos de etapa han ser acadados ao remate da escolaridade; con todo, existen algúns obxectivos nos que o noso centro, polas súas características, ten un traballo previo realizado e que teñen unha especial sensibilización da comunidade escolar cara eles.

Xustificación baseada no contexto.

O CEIP MANUEL PADÍN TRUITEIRO é un centro educativo público de carácter laico. A súa titularidade corresponde á XUNTA DE GALICIA.

O centro oferta as ensinanzas de Ed. Infantil, Ed. Primaria, escolarizando neste curso 2023/2024 a 357 alumnos/as.

Etapa de Educación Infantil (2º ciclo)

Obxectivos:

A Educación Infantil contribuirá a desenvolver nos nenos e as nenas as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer o seu propio corpo e o dos outros, así como as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.
- b) Observar e explorar a súa contorna familiar, natural e social.
- c) Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.

- d) Desenvolver as súas capacidades emocionais e afectivas.
- e) Relacionarse cos demais en igualdade e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse no uso da empatía e a resolución pacífica de conflitos, evitando calquera tipo de violencia.
- f) Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- g) Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, na lectura e a escritura, e no movemento, o xesto e o ritmo.
- h) Promover, aplicar e desenvolver as normas sociais que fomentan a igualdade entre homes e mulleres.

- Etapa de Educación Primaria

Os obxectivos desta etapa correspóndense cos logros que se espera que o/a alumno/a alcance ao finalizar a etapa e cuxa consecución está vinculada á adquisición das Competencias Clave.

As características ás que nos referimos son, fundamentalmente:

Somos un centro con un número elevado de nenos e nenas con NE, en todos os niveis, ademais de acoller alumnado inmigrante.

- Traballaremos por tanto a solidariedade, a integración, a aceptación da diferenza, a empatía, o respecto cara as diferenzas, etc. - Impulsamos a normalización efectiva da lingua galega, e que dá importancia ao fomento da lectura ao través de múltiples actividades con eixo na biblioteca do centro. - Realizamos importantes esforzos na dotación de equipamentos informáticos e o noso profesorado está implicado na elaboración de diversas aplicacións educativas como no fomento e uso da Aula Virtual. - A saúde, a alimentación e a hixiene forman parte dos eixos de formación persoal do noso alumnado (Educación Física, comedor, charlas, merendas nas aulas, etc.)

O traballo dos obxectivos da educación primaria van encamiñados ao logro, por parte do alumnado, das capacidades que permitan:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
 - Fomentar o diálogo e o respecto polas ideas dos demais en debates e coloquios.
 - Aprender a respectar as normas de convivencia no centro e na súa vida cotián:
 - o Na aula: quenda de palabra, ton da voz, colaboración e axuda entre as compañeiras e compañeiros. o Na escola: orde nas entradas e saídas, falar baixo, andar a modo polos corredores...
 - o No patio: coidado para manter limpas e en bo estado as instalacións deportivas e os espazos verdes, coidado do invernadoiro.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lle permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais con que se relaciona. d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e de mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade.
 - Fomentar a sensibilidade e unha actitude solidaria para os pobos que non dispoñen do máis básico, mostrando o labor das ONG, colaborando con elas e coñecendo os dereitos humanos. e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega, a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura.
 - Participar nas actividades propostas dende a biblioteca, plan lector, actividades propostas polo ENDL, concursos e celebracións (Samaín, Magosto, 25 N, Nadal, Entroido, 8 M, Letras Galegas...)

f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lle permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaz de aplicarlos a situacións da súa vida cotiá.

h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, das ciencias sociais, da xeografía, da historia e da cultura.

- Fomentar actitudes de respecto ao entorno e á conservación do medio ambiente, participando activamente nas actividades do programa Monte Vivo, encamiñadas ao coidado dos nosos montes máis próximos dándolle cor aos mesmos dende o noso proxecto "Dámoslle cor aos bosques".

Colaborar en actividades encamiñadas á recuperación do medio ambiente: coidado do horto escolar, patrullas verdes encargadas de vixiar a limpeza no patio, redución, reutilización e reciclaxe. - Participar en programas propostos por outras institucións para fomentar o coidado da natureza: Semana da Natureza, Día da árbore, Día da árbore en Europa. - Coñecer os recursos naturais da zona, realizando visitas e traballos e analizando a súa influencia no ambiente. - Realizar visitas para coñecer o patrimonio social e cultural de Soutomaior.

i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que recibe e elabora.

- Capacitar para a análise crítica das mensaxes que transmiten os medios de comunicación, a publicidade, lecturas e situacións da vida cotiá; rexeitando contidos sexistas ou discriminatorios polas diferenzas entre as persoas.

- Utilizando a aula de informática, visitando e participando no blog da biblioteca e na páxina web do colexio...

l) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais.

- Realizar recitados, dramatizacións, bailes, programas de radio e TV, cancións.

m) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar e aprender a coidar o propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

- Fomentar a alimentación saudable ao través do comedor escolar.

- Fomentar o aseo despois do deporte.

- Fomentar a educación física como espazo para fomentar o respecto polas diferenzas, a resolución de conflitos e a competitividade.

n) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar xeitos de comportamento favorecendo o seu coidado.

- Coñecer e valorar a flora e a fauna, en especial a presente na Comunidade Autónoma de Galicia e na zona da Enseada de san Simón, e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.

ñ) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, o valor da corresponsabilidade no traballo doméstico e no coidado das outras persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.

n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico. - Desenvolver hábitos saudables e sustentables

- Cumprir as normas de seguridade sobre transporte escolar cunha vixianza constante das condicións deste servizo.

3. CONTRIBUCIÓN Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE

Garantir unha formación adecuada para os nosos nenos e nenas consiste en proporcionarlles unha formación integral centrada no desenvolvemento das Competencias Clave. Dende a nosa escola potenciaremos o desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística e da competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

O desenvolvemento das competencias abordarase desde todas as áreas curriculares de xeito interdisciplinario.

Cabe sinalar que todas elas constan de 3 dimensións: cognitiva (compresión e asimilación de información), instrumental (uso dos coñecementos para a obtención de resultados) e actitudinal (capacidade de acción ou reacción ante ideas ou situacións).

En cada unha das programacións das diferentes materias, indícase no apartado 2 a contribución de cada unha destas materias á adquisición das Competencias Clave que son:

Competencia en comunicación lingüística (CCL)

Competencia plurilingüe (CP)

A competencia plurilingüe implica utilizar distintas linguas de forma apropiada e eficaz para a aprendizaxe e a comunicación. Esta competencia supón recoñecer e respectar os perfís lingüísticos individuais e aproveitar as experiencias propias para desenvolver estratexias que permitan mediar e facer transferencias entre linguas, incluídas as clásicas, e, no seu caso, manter e adquirir destrezas na(s) lingua(s) materna(s), así como nas linguas oficiais.

Integra, así mesmo, dimensións históricas e interculturais orientadas a coñecer, valorar e respectar a diversidade lingüística e cultural da sociedade para fomentar a convivencia democrática.

Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería (STEM)

Competencia dixital (CD)

Competencia en conciencia e expresións culturais (CCEC)

Competencia cidadá (CC)

Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA)

A competencia persoal, social e de aprender a aprender é a habilidade de reflexionar sobre un mesmo, xestionar o tempo e a información eficazmente, colaborar con outros de forma construtiva, manter a resiliencia e xestionar a aprendizaxe ao longo da vida. Inclúe a habilidade de facer fronte á incerteza e a complexidade, a adaptación ao cambio, aprender a aprender, contribuír ao propio benestar físico e emocional, conservar a saúde física e mental, e ser capaz de levar unha vida saudable e orientada ao futuro, expresar empatía e xestionar os conflitos nun contexto integrador e de apoio.

Competencia emprendedora (CE)

A competencia emprendedora, de creatividade e iniciativa implica desenvolver un enfoque vital dirixido a actuar sobre oportunidades e ideas, utilizando os coñecementos específicos necesarios para xerar resultados de valor para outros. Achega estratexias que permitan adestrar a mirada para detectar necesidades e oportunidades; adestrar o pensamento para analizar e avaliar a contorna, crear e reformular ideas utilizando a imaxinación, a creatividade, o pensamento estratéxico e a reflexión ética, crítica e construtiva dentro dos procesos creativos e de innovación;

espertar a disposición para aprender, a arriscar, a afrontar a incerteza, tomar decisións baseadas na información e o coñecemento e colaborar de maneira áxil con outras persoas, con motivación, empatía, habilidades de comunicación e de negociación, para levar as ideas expostas á acción mediante a planificación e xestión de proxectos sostibles de valor social, cultural e financeiro.

4. CRITERIOS PARA DESENVOLVER OS PRINCIPIOS PEDAGÓXICOS E INCORPORAR OS ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Nos últimos anos a sociedade sensibilizouse nalgúns aspectos que inciden directamente na marcha do sistema. Algúns trátanse sempre dentro do currículo, outros son elaborados como complemento á programación. Son temas de impacto actual e de gran importancia que deben tratarse.

Traballaremos nas diferentes materias a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade en todas as materias.

Fomentárase de xeito transversal:

A Educación para a convivencia

O noso obxectivo sera: Construir actitudes que fomenten o diálogo como vía de resolución de conflitos entre as persoas.

O feito de que a propia escola sexa o lugar de encontro entre persoas distintas que forman unha comunidade e cuxos intereses non sempre son harmónicos, fai da escola un lugar idóneo para poder aprender por propia experiencia esa actitudes básicas e necesarias para unha convivencia realmente libre, solidaria, democrática e participativa.

Educación do consumidor

Os/As nenos/as son os máis afectados no acoso publicitario que actualmente prima. Por isto debemos instrumentalizar actividades que outorguen no posible criterios para o uso adecuado dos materiais en función da súa utilización e non de modas ou campañas publicitarias.

Educación para a saúde

Promovendo unha alimentación adecuada (sobre todo nas merendas que traen ao centro) e fomentar un exercicio que sexa adecuado e estruturada para promover unha boa calidade de vida.

Educación ambiental

Se traballamos o espazo natural como algo realmente noso teremos que ensinar a coidalo, tendo un coidado minucioso do entorno e unha actitude respectuosa por todo o relacionado co medio natural.

Educación vial

Realizaremos talleres de Educación Vial no noso patio e traballaremos aspectos espazo-temporais, de orientación e o coñecemento das nosas rúas, dos sinais e dos modelos de convivencia tanto de peóns como de usuarios dun transporte.

Educación intercultural

Contribuíndo a que todos os nosos alumnos/as, independentemente da súa raza, relixión, lingua, etc. aprendan a convivir na nosa escola como espazo democrático, preparándoos para a vida futura e mellor inserción social. Procurando fomentar valores e principios que sosteñan unha vida pacífica fora de racismos e intolerancias.

Coeducación

Herdada dunha estrutura social e familiar hai un tratamento desigual dos/as nenos/as na escola, sempre reflexo do que ocorre na sociedade. Polo que, modificaremos hábitos discriminatorios por sexo e procuraremos actividades e tarefas cooperativas asignando responsabilidades dentro do grupo por igual.

Educación para a paz

Nestas idades os conflitos de relación son bastante frecuentes. Os roces, os choques, os enfados fan que as veces xurdan belixerantes relacións. Coas nosas actividades debemos encouzar estas situación para dar a posibilidade de solucionarlas polo camiño da aceptación dos erros, da comprensión ou da palabra fronte á agresividade.

Cultura galega

O coñecemento e práctica de actividades que favorezan un acercamento á comprensión e respecto das peculiaridades do noso país.

5. CRITERIOS DE CARÁCTER XERAL SOBRE A METODOLOXÍA

Pretendemos que o noso modelo de educación sexa integral favorecendo a integración, o desenvolvemento de capacidades, valores e procedementos na aprendizaxe do/a neno/a.

Acéptase unha liña metodolóxica ampla, que admite a complementariedade de diferentes metodoloxías, apostando sempre por metodoloxías innovadoras e activas.

Teremos en conta que calquer situación de ensino aprendizaxe aparece sometida a unha serie de aspectos que debemos ter en conta. Algúns destes aspectos son:

- A idade e a etapa de desenvolvemento no que se atopa o alumno/a
- A heteroxeneidade dos grupos
- A diversidade
- Os coñecementos previos dos que partiremos. A motivación.
- Recursos materiais e humanos cos que contamos.

Deste xeito, convertémonos nunha mestra/e mediador/a que trata de que os nosos alumnos/as desenvolvan as súas capacidades (ensinar a pensar) e valores (ensinar a querer).

Todo isto dentro dunha aprendizaxe global que busca a integración do maior número de aspectos posibles recollidos dentro dos diferentes núcleos de contidos, relacionando coñecementos, procedementos e actitudes.

No noso traballo diario utilizaremos os modelos metodolóxicos que consideremos mellores para adquirir os nosos obxectivos.

Empregaremos: Discurso expositivo, discurso de experiencias, talleres, aprendizaxe cooperativo, traballo por tarefas, traballo por proxectos.

Principios metodolóxicos:

- Investigación e experimentación, participación, motivación, personalización, inclusion, interacción, funcionalidade, globalización, avaliación continua e formativa.
- Partirase do principio de individualización do ensino, tentando sempre responder de xeito individual ás necesidades educativas que presente cada alumno e alumna, e a atención á diversidade será a máxima que debe rexer toda a actividade educativa do centro.
- A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias.

-Impulsarase o uso de métodos que favorezan a interactividade, tanto entre o profesorado e o alumnado, como dos alumnos e alumnas entre si. Así, as metodoloxías básicas que se poden utilizar serán os grupos de traballo cooperativo, a gamificación, traballo por proxectos.

Neste sentido prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.

- A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus distintos ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo e promovendo o traballo colaborativo e en equipo.

- A lectura constitúe un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias e é de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión de lectura de calquera tipo de textos e imaxes, en calquera soporte e formato. Co fin de fomentar o hábito da lectura, organizaremos a súa práctica docente de forma que se garanta a incorporación dun tempo diario de lectura non inferior a vinte minutos, no momento de entrar á escola.

- A intervención educativa debe ter en conta como principio a diversidade dos/das alumnos/as, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todos/as eles/ as e máis unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén.

- Prestaráselles especial atención durante a etapa á atención personalizada dos alumnos e das alumnas, á realización de diagnósticos precoces e ao establecemento de mecanismos de reforzo para lograr o éxito escolar.

- Os mecanismos de reforzo que deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe poderán ser tanto organizativos como curriculares. Entre estas medidas poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo.

- Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.

O punto de partida da aprendizaxe dos/as alumnos/as son primeiro os coñecementos previos. Buscaranse tarefas que captan a motivación do alumnado e faciliten así a aprendizaxe. Terase en conta que os nenos/as aprenden de distintas formas e a ritmos diferentes polo que se flexibilizarán as tarefas de modo que tódolos integrantes do grupo poidan participar. Considerarase o progreso pero tamén o erro como algo natural no proceso de aprendizaxe, dándolle así aos alumnos/as confianza en si mesmos/as. Cabe destacar que a acción docente que se leva a cabo no centro é o resultado dunha coordinación permanente co profesorado, cun contacto directo co departamento de orientación do IES ao que estamos adscritos, co fin de lograr un desenvolvemento do proceso educativo e que exista unha liña de traballo en común. Levaremos a cabo unha serie de medidas curriculares, así como diversas vías de comunicación que faciliten a transición dunha etapa á outra.

6. CRITERIOS DE CARÁCTER XERAL SOBRE OS MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Materiais e recursos empregados na Educación Infantil e Primaria, centrarémonos nos recursos e materiais didácticos.

Os criterios de selección dos materiais curriculares que sexan adoptados polos equipos docentes seguen un conxunto de criterios homoxéneos que proporcionan resposta efectiva ás formulacións xerais de intervención educativa e ao modelo didáctico proposto.

Establecemos oito criterios para a súa adecuación ao contexto educativo do centro.

1. Correspondencia dos obxectivos promovidos cos enunciados no Proxecto Educativo do Centro.
2. Coherencia dos contidos propostos cos obxectivos.
3. A acertada progresión dos contidos e obxectivos, a súa correspondencia co nivel e a fidelidade interna de cada área.
4. A adecuación aos criterios de avaliación do centro.
5. A variedade das actividades, diferente tipoloxía e a súa potencialidade para a atención ás diferenzas individuais.
6. A claridade e amenidade gráfica e expositiva.
7. A existencia doutros recursos que facilitan a actividade educativa.
8. Atendendo a todos eles, establecemos unha serie de pautas concretas que dirixirán a nosa selección.

Con respecto aos recursos humanos estes son:

O/A mestre/a titor/a.

Os/As mestres/as especialistas.

O departamento de Orientación.

Os/as propios/as alumnos/as e as súas familias.

Comunidade educativa.

7. CRITERIOS DE OFERTA EDUCATIVA E OPTATIVIDADE

Tendo en conta que os centros docentes disporán de autonomía pedagóxica, de organización e de xestión, no marco da lexislación vixente e nos termos recollidos na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.

A nosa oferta educative é:

Educación Infantil Relixión ou Atención Educativa

Educación Primaria: Relixión Católica ou Proxecto Competencial.

Nesta sesións traballaremos os obxectivos ODS (horta escolar) e a Educación Emocional (a través de historias, representacións, contos...), que favorezan a expresión das propias emocións, gustos, fobias, etc.

No curso 2019/20 a Consellería de Educación aprobou a solicitude de Centro Bilíngüe.

O programa iniciouse en 5º de Educación Primaria impartindo a Plástica en Inglés.

No curso 2023/24 estendeuse o programa a 6º de Primaria.

8. CRITERIOS PARA O DESEÑO DAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Todas as actividades extraescolares e complementarias deberán respectar os principios legislativos de voluntariedade para o alumnado, ausencia de lucro e non discriminación.

A selección e organización das actividades que realicemos co alumnado deberán estar relacionadas con:

- Os contidos da área, do proxecto de centro, etc.
- Deberán incidir nos obxectivos educativos fixados.
- As conmemoracións a traballar.
- Tratar sobre os contidos transversais propostos na lei.
- Intentaremos implementar un dos obxectivos primordiais da LOMLOE; o traballo por proxectos e a relación entre as diferentes materias.
- Actividades que reforzan os aspectos do currículo que consideremos máis interesantes.
- Todas as actividades complementarias serán: integradoras, coeducativas, globalizadas, motivadoras, que fomenten a igualdade entre ambos sexos así como a igualdade de oportunidades, a convivencia, a tolerancia, e o respecto.

Toda actividade complementaria e extraescolar deberá levar asociado un feedback de avaliación, concretado nunha valoración da actividade en termos de interese, valor educativo e de conciencia social e cidadá. Fomentarase a crítica respectuosa e produtiva da actividade, coa fin de mellorar o espírito crítico do alumnado.

Por último, procurarase a participación na xestión das actividades por parte do alumnado, tanto no que se refire á súa opinión previa sobre a idoneidade das mesmas como á súa participación na organización das actividades, sempre que isto sexa posible.

9. CRITERIOS PARA O DESEÑO DE PLANS DE REFORZO OU PERSONALIZADOS PARA O ALUMNADO QUE PROMOCIONE CON MATERIAS PENDENTES DE CURSOS ANTERIORES

Para a elaboración e o seguimento do plan de reforzo, seguirase o establecido na ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022 do 15 de setembro.

Educación Primaria:

O alumnado que acade a promoción de curso con algunha área ou ámbito con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzase o curso anterior.

O modelo empregado é o proporcionado pola Inspección Educativa de Pontevedra cos apartados que deben ser contemplados para desenvolver unha correcta resposta educativa a esta necesidade.

10. CRITERIOS PARA O DESEÑO DOS PLANS ESPECÍFICOS DE REFORZO OU PERSONALIZADOS PARA O ALUMNADO QUE DEBA PERMANECER UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO

Para a elaboración e o seguimento do plan de reforzo, seguirase o establecido na ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022 do 15 de setembro.

Estes plans serán realizados na 1ª quincena de setembro.

O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase se, tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfasamento curricular ou as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno, o equipo

docente considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis adecuada para favorecer o seu desenvolvemento. Nese caso, o equipo docente elaborará, baixo a coordinación do profesorado titor, un plan específico de reforzo para que, durante ese curso, a alumna ou o alumno poida alcanzar o grao de adquisición das competencias clave correspondentes. Para a elaboración e o seguimento do dito plan específico de reforzo seguirase o establecido no artigo 50 da Orde do 8 de setembro de 2021.

O modelo empregado é o proporcionado pola Inspección Educativa de Pontevedra cos apartados que deben ser contemplados para desenvolver unha correcta resposta educativa a esta necesidade.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que proceda. Na sesión de avaliación final do curso en que estean escolarizados o alumno ou a alumna, a mestra ou mestre da materia pendente decidirá sobre a súa avaliación, nos termos que se establecen na normativa que regula a avaliación na educación primaria.

En todo caso, para superar a materia pendente, a alumna ou o alumno deberán obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente.

11. CRITERIOS XERAIS PARA A AVALIACIÓN, PROMOCIÓN E TITULACIÓN DE SER O CASO

Seguirase o establecido na ORDE do 30 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 150/2022 do 8 de setembro para Educación Infantil e a ORDE do 6 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022 do 15 de setembro para Educación Primaria.

A avaliación do alumnado será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe.

Garantiremos o dereito do alumnado a unha **avaliación obxectiva** e que a súa dedicación, **o seu esforzo e o seu rendemento sexan valorados e recoñecidos con obxectividade**.

A avaliación será adaptada as circunstancias do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo; esta adaptación en ningún caso se terá en conta para aminorar a cualificación obtida polo alumnado.

- Ed. Primaria (só nos cursos pares, 2º, 4º e 6º de Ed. Primaria, posto que nos cursos impares a promoción é automática)

Ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto da etapa, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado.

A decisión será adoptada de xeito colexiado, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor/a. Atendendo a consecución dos obxectivos e ao grao de adquisición das competencias clave.

Na sesión de avaliación para a decisión de promoción, o equipo docente estudará por separado cada caso tendo en conta a singularidade de cada alumno ou alumna, atendendo á natureza das súas dificultades e analizando se estas lle impiden verdadeiramente seguir con éxito o curso seguinte, así como as expectativas favorables de recuperación.

Esta medida poderase adoptar unha soa vez ao longo da Educación Primaria, terá carácter excepcional e irá acompañada dun PLAN ESPECÍFICO orientado a que durante este curso o/a alumno/a poida alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes.

Os criterios para a promoción do alumnado, quedan establecidos do seguinte xeito:

De cara a non promoción do alumnado, todo o profesorado do centro utilizará os mesmos criterios e poderá decidir a promoción dun alumno ou alumna sempre que se cumpran as condicións seguintes:

- a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
- b) Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte.
- c) Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.
- d) Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

No caso de que fora necesaria unha segunda repetición (extraordinaria) en Educación Primaria, será determinante o asesoramento e decisión do Departamento de Orientación do Centro.

O equipo docente decidirá sobre a promoción do alumnado tendo en conta os seguintes aspectos:

- a) Aspectos emocionais e relacionais.
- b) Evolución do alumno/a.
- c) Posibilidades de progreso.
- d) Análise xeral do grupo de referencia e do grupo do que o alumno/a pasaría a formar parte, valorando así a integración do alumno/a.
- e) Grao de adquisición das competencias clave.
- f) Informe da persoa titora.
- g) Informe do Departamento de Orientación, de ser o caso.

Cabe destacar que ao finalizar os cursos de segundo e cuarto da etapa o/a titor/a emitirá un informe sobre o grao de adquisición das competencias de cada alumno/a, indicando as medidas de reforzo que se deben contemplar no ciclo seguinte. Ao finalizar a etapa cada alumno/a disporá dun informe elaborado polo seu titor/a sobre a súa evolución e grao de adquisición das competencias desenvolvidas. No caso de alumnado con necesidades educativas especiais, o informe deberá reflectir as adaptacións e medidas adoptadas, e a súa necesidade de continuidade na seguinte etapa escolar.

Os criterios de cualificación estarán determinados polos datos obtidos a través dos distintos instrumentos de avaliación indicados nas programacións do seguinte xeito:

1º e 2º nivel de Educación Primaria as porcentaxes empregadas como criterio de cualificación para Sociais, Naturais, Matemáticas e P. Competencial:

A nota final, ao tratarse dunha avaliación continua, será a obtida no terceiro trimestre.

Análise das producións do alumnado a través dos seus traballos diarios, a súa capacidade para a resolución de problemas e exercicios cooperativos :70%

Participación e actitude: atención, iniciativa, esforzo, persistencia, respecto ás normas básicas de convivencia, emprego axeitado do material adecuado a cada actividade, autonomía, limpeza e orde, participación nos traballos (20%)

Traballo cooperativo (10%)

Lingua Galega e Castelán:

Análise da produción do alumnado (70%):

- Responde axeitadamente, tanto de forma oral coma escrita, ao que se lle pregunta demostrando dominio na materia (30%)

- Escribe respectando regras ortográficas e gramaticais (5%).

- Ten unha caligrafía lexible (5%)

-Actividades de lectura (registros de lectura e comprensión) (20%):

- Le coa velocidade e entoación axeitada a súa idade, respectando os signos de puntuación (10%).

- Amosa unha boa comprensión lectora, axeitada á súa idade. (10%)

-Actividades de expresión e creación (10%):

- Exprésase cunha linguaxe oral correcta (vocabulario, comprensión da oración)(10%).

Participación e actitude: atención, iniciativa, esforzo, persistencia, respecto ás normas básicas de convivencia, emprego axeitado do material adecuado a cada actividade, autonomía, limpeza e orde, participación nos traballos (20%)

Traballo cooperativo (10%)

3º e 4º niveis de Educación Primaria as porcentaxes empregadas como criterio de cualificación para Sociais, Naturais, Castelán, Galego e Matemáticas serán as seguintes:

Probas obxetivas (escritas, orais, test...): 40%.

Caderno, traballos e proxectos: 30%.

Participación e actitude: 20%.

Posta en común e diálogo: 10%.

Materia de Plástica: Análise de producións plásticas 60%. Participación e actitude cara a materia 30%. Posta en común e diálogo 10%.

5º e 6º nivel de Educación Primaria as porcentaxes empregadas como criterio de cualificación para

Sociais e Naturais

- Probas obxectivas específicas de cada unidade: 50%

- Análise das producións do alumnado a través dos seus traballos individuais e cooperativos e as súas exposicións orais: 30%

- Observación sistemática de todas as manifestacións do alumnado que nos permitan sumar información: 20%

Castelán e Galego:

- As probas específicas terán un valor do 50%
- Análise das producións do alumnado 20%:
- Traballos individuais, cooperativos e exposicións orais: 20%
- Caderno de aula: 10%

Matemáticas:

- Probas obxectivas específicas de cada unidade: 60%
- Análise das producións do alumnado a través dos seus traballos individuais e cooperativos e as súas exposicións orais: 20%
- Observación sistemática de todas as manifestacións do alumnado que nos permitan sumar información: 20%

Plástica:

- Esfuerzo, interese, actitude positiva cara á materia, limpeza, orde, coidado do material e puntualidade na entrega dos traballos: 80%
- Traballos e láminas individuais, traballos cooperativos, presentacións orais, e proxectos: 20%

A cualificación final de cada unha das materias progresivas (LC, LG, MT, LE, EF, MeD, EPeV, RC, VSeC e PC) corresponderase coa MEDIA PONDERADA* das cualificacións obtidas polo alumnado nas tres avaliacións parciais, aproximada ata as centésimas (se estas igualan ou superan 500, enténdese que a nota final é a correspondente co número enteiro posterior), tendo un peso/valor cada unha segundo se especifica:

1ª AVALIACIÓN 20% 2ª AVALIACIÓN 30% 3ª AVALIACIÓN 50%

En cada avaliación estableceranse mecanismos que permitan comprobar o progreso en todos os aspectos avaliados anteriormente.

Na materia de Música as porcentaxes empregadas como criterio de cualificación para 1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º serán as seguintes:

A nota trimestral, no tocante o que ás UD se refire, será a seguinte:

-1º trim.: UD1 60% + UD4 40% -2º trim.: UD2 60% + UD4 40% -3º trim.: UD3 60% + UD4 40%

O 100% da nota da avaliación final obterase do xeito seguinte:

-1º trim. 30% -2º trim. 35% -3º trim. 35%

Na materia de Inglés en 1º e 2º as porcentaxes empregadas como criterio de cualificación serán as seguintes:

Procedementos e evidencias: observación sistemática, posta en común, representacións tipo role plays, análise do portfolios do alumnado.

Instrumentos:

Escalas de Observación.

Portfolio (libro de actividades e outras produccions)

Terase en conta a progresión na adquisición da lingua estranxeira á hora de cualificar a cada alumna/o, tanto na avaliación continua como na cualificación final

Na materia de Inglés en 3º e 6º as porcentaxes empregadas como criterio de cualificación serán as seguintes:

-60% skilss: valorarase cada unha das destrezas básicas (listening, speaking, reading, writing). a través da observación e valoración de pequenas produccions escritas, breves e sinxelas participacions orais, diálogos, dramatizacions, exercicios de comprensión lectora e auditiva, así como probas específicas.

-20% Traballo diario e caderno/libro de actividades/portfolio, a través da observación directa do traballo na aula, regularidade e constancia co prazo establecido.

-20% Project (participación nun determinado proxecto ou actividade competencial que se realizará ao longo das unidades.

Na materia de Educación Física as porcentaxes empregadas como criterio de cualificación en 1º e 2º serán as seguintes:

RÚBRICA MOTRICIDADE (50%): En cada unidade didáctica avaliarase a motricidade do alumnado a través dos criterios establecidos no currículo usando unha rúbrica dividida en catro niveis (pouca consolidación: 2,5 puntos aprendizaxe medio: 5 bo aprendizaxe: 7,5 e excelencia na 63 aprendizaxe 10).

ESCALA DE OBSERVACIÓN INDIVIDUAL (50%): Esta escala incluírase en todas as sesións e terase en conta as seguintes observacions, por considerar que deben cumprirse durante todo o curso:

- Respecta as normas da clase. - Respecta as regras dos xogos e actividades. - Respecta aos compañeiros e compañeiras. - Presta atención as explicacions da profesora. - Esfórzase na realización das actividades e xogos. Os ítems valoraranse cunha escala de tres niveis (Ben, regular e mal). Os ítems valorados negativamente consideraranse non superados.

AVALIACIÓN FINAL DO CURSO (NOTA ORDINARIA): A nota da avaliación final ou ordinaria será o resultado da media das tres avaliacións tendo en conta a porcentaxe de cada trimestre.

Na materia de Educación Física en 3º e 6º:

En cada UD, os criterios de avaliación relacionados coas actitudes do alumnado (respecto ás diferenzas, hábitos, normas, etc.) suporán un peso na nota da UD de un 30 %, mentras que aqueles de carácter motriz e conceptual, suporán o 70 % restante da nota.

Así, obteremos unha **nota para cada UD**. De modo que, a **nota final do trimestre** será a media de todas as UD de ese trimestre, e a **nota final de curso**, será a media dos tres trimestres.

12. CRITERIOS XERAIS DE OUTORGAMENTO DE MENCIÓNS HONORÍFICAS

A obtención da mención honorífica será consignada nos documentos de avaliación da alumna ou do alumno.

Os criterios para a concesión da mención honorífica ao alumnado será:

- As alumnas e os alumnos que, logo da avaliación final de sexto curso, obtivesen unha nota media do curso igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención honorífica.

13. DECISIONS E CRITERIOS XERAIS PARA A ELABORACIÓN E AVALIACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS

A elaboración das programacións didácticas PROENS seguirán a lexislación vixente e as instrucións de Inspección Educativa.

A súa elaboración será responsabilidade do profesorado que imparte a materia e, no caso de ser varios os profesores/as que a imparten nun mesmo curso elaboraranse de forma conxunta e acordada.

Unha vez elaboradas serán revisadas polo/a coordinador/a de ciclo correspondente antes de pasala á revisión por parte do equipo directivo e remisión a inspección educativa.

A programación para o alumnado e familias será publicado a través da web da escola.

14. CRITERIOS PARA A PARTICIPACIÓN DO CENTRO EN PROXECTOS, PLANS E PROGRAMAS

Os centros docentes dentro do marco establecido polas administracións educativas, desenvolven a súa autonomía pedagóxica e organizativa levando a cabo entre outras prácticas, Plans e Proxectos reflectidos no seu Proxecto educativo, así como outros programas nos cales participa o centro de xeito anual, os cales son ofertados pola Consellería de Educación e outras entidades.

No claustro de final de curso o equipo directivo informará dos posibles proxectos, plans e programas nos que pode participar o profesorado e o alumnado.

Darase prioridade aos proxectos, plans e programas cuxa finalidade sexa a solución e/ou traballo naquelas problemáticas máis importantes sinaladas na memoria do centro do curso anterior. Unha vez analizados estes proxectos nos equipos correspondentes, comunicarán a súa disposición a coordinar e participar nos mesmos.

Os criterios que nos levan a participar nos diferentes Proxectos, Plans e Programas son aqueles que:

- Axúdannos a conseguir unha escola plural na que os conflitos se resolvan por medio do diálogo.
- Permiten a colaboración de xeito interdisciplinar mediante tarefas nas áreas das linguas.
- Permiten crear lectores/as eficientes.
- Aqueles que levan a cabo una acción orientadora no proceso educativo tanto individual como colectivo do alumnado.
- Axúdannos a coñecer o noso entorno máis próximo.
- Axúdannos a respectar a natureza e a vivir en harmonía con ela.

15. PROCEDIMENTO PARA A REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA CONCRECCIÓN CURRICULAR

O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular, realizarase de xeito anual, tendo en conta as memorias de final de curso, mantendo así dito documento actualizado fronte ás modificacións que sexa preciso realizar.

Tamén poderá ser revisada a proposta dos membros da Comunidade Educativa, deberá ser comunicada nos órganos colexiados do centro (Claustro, CCP e Consello Escolar)

Cabe destacar que axustaremos sempre o seu contido ás novas modificacións legislativas que vaian xurdindo. Esta avaliación da concreción, ten como finalidade adaptarse ás necesidades e características tanto do centro educativo como do profesorado e alumnado.

Para a súa avaliación propoñemos os seguintes indicadores:

- Resultados da avaliación
- Adecuación dos materiais e recursos
- Contribución dos métodos pedagóxicos e medidas de atención á diversidade aplicadas.

A modificación da concreción curricular estudarase a proposta dos representantes dos diferentes sectores da comunidade educativa, tras a avaliación da mesma segundo os criterios mencionados anteriormente. Sempre a comezo de cada curso xunto coa elaboración das programacións de cada unha das materias e grupos.

16. DOCUMENTOS DA AVALIACIÓN

Os documentos oficiais de avaliación, así como o procedemento de expresión dos resultados de avaliación axustaranse á lexislación vixente.

a) As actas de avaliación dos diferentes cursos de educación primaria, pecharanse ao termo das sesión de avaliación.

b) No historial académico de educación primaria consignaranse os resultados da avaliación que terá lugar ao finalizar o curso.

As seguintes medidas curriculares e organizativas aplicadas reflectiranse nos documentos oficiais de avaliación do alumnado, respectivamente, coas seguintes iniciais:

- RE = reforzo educativo • AC = adaptación curricular
- EC = enriquecemento curricular • AF = agrupamento flexible

17. PROCEDEMENTO PARA A REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA CONCRECIÓN CURRICULAR

O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular, realizarase periodicamente de xeito anual, mantendo así dito documento actualizado fronte ás modificacións que sexa preciso realizar. Cabe destacar que axustaremos sempre o seu contido ás novas modificacións legislativas que vaian xurdindo. Esta avaliación da concreción, ten como finalidade adaptarse ás necesidades e características do centro.